

Uns refrescantes 'flashes' narrativos

▪ JOAQUIM VENTURA ▪

Medos Romero

Dubido se matei a Lena

Xerais, 2000

66 páxinas. 835 Pla.

CHEGA Medos Romero (Somedo, As Fontes, 1959) á narrativa despois de darse a coñecer con algunhas poesías publicadas en revistas e con tres poemarios: *Rendéome no tempo* (1998), *Ámame en por min* (1999) e *O peso da derrota* (2000). É, pois, unha autora de publicación serodia verbo da súa idade pero que anuncia unha continuidade creativa. Este libriño (en diminutivo polo físico, que non polo contido, como xa veremos) de contos é o segundo volume que publica a colección Abismos, de Xerais, unha colección de peto que pode servir de trampolín a novos narradores.

A técnica que propón Medos Romero para os seus relatos – máis propiamente uns *flashes* narrativos que unha liña argumental– permite que, en poucas páxinas, teñamos unha gran diversidade de situacións. As máis das historias que conta non exceden dunha páxina, algunha inclusive nin chega. Máis iso non é atranco para que o lector fiquese situado perante a circunstancia que a autora nos propón. Dous son os eixes que enúan estes relatos: a circunstancia feminina e mais o pesimismo. Se a lonxitude son diversos retratos de muller; a latitud é a súa posición á contra, moitas veces contra o universo masculino dominante.

Se ben non hai protagonistas no senso estrito (axentes ou pacientes dun argumento), na medida na que non hai tal argumento, a figura de Lena está presente en diversos dos relatos. No que abre o libro e que lle dá título, "Dubido se matei a Lena", esta rapaza está presente, pero por ausencia. Despois dunha noite de evasión (por consumo de marihuana), o seu compañeiro de *peta* ten a certeza de que a matara polo simple feito de ler un solto nun xornal do luns. Dalgún xeito, esta historia –escrita con técnica e ambiente de *serie negra*– acúta metaforicamente verbo desas mulleres silenciosas e silenciadas que pasan a ser *alguén* cando o seu nome aparece nas páxinas de sucesos en calidade de vítimas. Mulleres que nin esa publicidade acadan, por non ter quen as reclame unha vez morreron nun hospital ("15"). Ou o caso da rapaza que é censurada pola súa vida supostamente disipada cando, en realidade, non é outra cousa que unha vítima da indiferencia



ARTURO SOUTO Princesa negra Os Renovadores. Colección de Arte Caixa Galicia Fundación Caixa Galicia. A Coruña

másculina ("Tanto odio inútil").

Outro común denominador dese silencio autodestructor é a pasividade fronte ós homes. Sería o caso de "Fastío", no cal unha muller acepta resignada as relacións co seu marido, por quen xa non sente nada, facendo da rutina o remedio fronte ó medo á soidade, ou de "Fronte ao espello", unha degradación autodestructiva que sofre unha muller cada vez que se reflicte nun espello. Autodestrución que chega ó suicidio en "Na Vesta", nun retrato que resulta moi común: muller de corenta e poucos, casada nova, cos fillos xa a voar e co marido instalado no aburrimiento...

A brutalidade do sexo tamén está presente neste feixe de relatos: desde unha escena de sexo pasivo nunha muller durmida ou imposibilitada ("Lena", "O ulido do sexo a peixe") ata o sexo como noxo ("As postais de Barcelona"). Máis fortuna ten a muller que recupera a súa personalidade en vida despois do suicidio do home que vivía con ela ("Chamo por min"). Outra manifestación da sexualidade feminina é a da prostitución, mesmo esa prostitución incruenta ou *light* da rapaza que se ispe e que se move lasciva para goce dun cliente *voyeur* que está a observala desde a casa de enfrente ("Brenda a secas") ou que chega ata o odio e mais o noxo cara ó cliente ("Nun

abalouco").

Outro dos eternos femininos é o das relacións coas nais, moitas veces transmisoras dos roles que a sociedade patriarcal impuxo decote ("Amar", "Nai"). Relación que se torna complicidade fronte á brutalidade masculina, aínda que sexa a brutalidade sutil dun coche como símbolo do poder que atropela a unha nena ("Unha imaxe"). E, dentro deses eternos femininos, está presente o tema da autoestima (as grandes consumidoras de libros de autoaxuda e de terapias de psicólogos son mulleres), como atopamos en "Ser" e en "O home dos tres retratos", relato algo máis longo que o resto, que conta cómo unha paciente atopa morto na consulta ó seu psicólogo, vítima das pequenas miserias humanas que tenta curar.

O lector terá reparado en que empreguei diversas veces a verba *víctima*. Non agacho que as mulleres están a pagar con sangue a transformación social que supón a súa igualdade, cambio que moitos homes non están en condicións de admitir. Un terrorismo doméstico agachado durante moito tempo pero que, por razóns que todos coñecemos, segue a ter un tratamento secundario de sucesos verbo doutro terrorismo chamado político. Mais unha cousa é a conquista duns espazos autónomos por parte das mulleres, outra a literatura escrita por mulleres e outra, ben distinta, é poder falar dunha "literatura feminina". De entrada, ¿por que unha literatura e non unha pintura ou unha música de muller? ¿É máis feminina a literatura de reflexión sobre a condición da muller que esoutra de pura evasión, cando non directa alienación, que vende por millóns? ¿Poderíamos falar dunhas Corín Tellado de esquerdas ou *politicamente correctas*? ¿Teremos que dar pulo a unha literatura *masculinista*, non machista, que sitúe tamén no seu sitio a tantas mulleres que fan da súa condición –en clave superficial– un *modus amandi*? Comezarei a acreditar nunha literatura así cando incorpore as suficientes doses de autocrítica verbo de tantas *barbies* que seguen a perpetuar o factor do éxito material como valor principal a considerar, que aceptan o rol dependente e secundario de bonecas mentres os homes seguen a pagar cantos caprichos lles peta. Con todo, este *Dubido se matei a Lena* ten calidade abonda como para superar a simple etiqueta de xénero e darnos unha visión da sensibilidade feminina. E, con Medos Romero, a literatura galega incorpora una narradora francamente orixinal.

▪ Joaquim Ventura